

As Pensións non se tocan!!!

Hai moitas cousas desta reforma das pensións que non nos están contando, mais que deben ser coñecidas superando a barreira de propaganda e maquillaxe con que envolven esta nova agresión aos dereitos da clase traballadora.

Por iso téns nas túas mans esta breve explicación do que esta reforma das pensións leva incluído:

- ➔ A reforma de 2011 (Zapatero) aumentou a idade de xubilación dos 65 aos 67 anos e o período de cálculo de 15 a 25 anos. Isto é, traballar máis anos para cobrar menos cando nos xubilemos. Nos primeiros anos da vida laboral os salarios adoitan ser máis baixos así que, cantos máis anos tomemos para calcular a pensión, máis baixa será a súa contía.
- ➔ A reforma de 2013 (Rajoy) marca un calendario para a aplicación efectiva da reforma de 2011 e desliga o incremento anual das pensións do IPC para rebaixar, non só as pensións futuras, senón tamén as presentes.
- ➔ As reformas do goberno de PSOE-UP veñen consolidar as regresivas reformas de Zapatero e Rajoy, deste xeito:
 - ✗ En **xullo de 2021**, o goberno “máis progresista da historia” recupera o IPC para calcular o incremento anual pero cunha novidade: usa o chamado IPC medio, que non é igual ao IPC real interanual acumulado, co que **as pensións seguen perdendo poder adquisitivo**.
 - ✗ En **xullo de 2022** afonda na privatización do sistema público coa aprobación dos “Plans de Emprego de Pensións”. Plans de pensións privados xestionados por entidades financeiras ou aseguradoras, que se crearán en cada sector a través da negociación colectiva. Coa inflación desbocada, a capacidade adquisitiva da clase traballadora caeu a niveis do ano 1996. É deses salarios dos que queren detraer os cartos para os plans de pensións privados. Isto **empobrecerá aínda máis á clase traballadora**.

NON AMPLÍAN DEREITOS,
SI AMPLÍAN RECORTES



- ✘ **Marzo de 2023.** A última parte da reforma, que veñen de aprobar, recolle un **aumento das cotizacións** a través da aplicación do MEI (Mecanismo de Equidade Interxeracional), xa en vigor desde 2023, e que aumentará do 0,6% actual (0,5% empresa, 0,1% persoa traballadora) ao 1,2% en 2029. Isto implica aplicar un desconto maior á base de cotización que derivará novamente na **caída dos salarios**.
- ✘ Din que a reforma é para facer sostíbel o sistema pero ninguén aclara o **baleirado do Fondo de Reserva** da Seguridade Social, usado para fins distintos para os que naceu nin se adoptan medida para compensar a perda de ingresos na caixa das pensións ante o constante uso das **subvencións e bonificacións** das cotas á seguridade social **ás empresas**.
- ✘ A nova reforma consolida e empeora as anteriores porque prevé que a partir do 1 de xaneiro de 2026 entre en vigor o **novo período de cálculo** que pasa a ser, como norma, de 29 anos, descartando os dous peores (lembra que nos primeiros anos de vida laboral os salarios adoitan ser máis baixos e **canto máis atrás vaíamos no tempo, peor**).

Inicialmente este modelo convivirá co anterior (o dos 25 anos) pero ollo!!!, non será eternamente, xa que esta convivencia ten **data de caducidade: 2044**. Quen se xubile **a partir dese ano non poderá xa calcular a súa pensión con outro cómputo que non sexa o de 29 anos**.

En todo caso, a partir de 2041 xa non existirá tampouco o cómputo de 25 anos, senón que irá aumentando progresivamente até confluír co de 29 anos en 2044, momento no que desaparecerá o modelo anterior.

Ademais, a aplicación será de oficio e a propia Seguridade Social decidirá que se aplica, en función do que considere máis favorábel. **Nin se poderá escoller o período de cómputo, nin os 2 anos que descartar**.

- ✘ Esta reforma tampouco resolve a **fenda de xénero das pensións**, que en Galiza supera o 34%. Así que os anuncios feitos teñen máis de propaganda que de avances reais. Por que?

Por que a dificultade das mulleres para acceder a unha pensión, o tipo de pensión á que acceden e a súa contía están condicionada por: menores taxas de actividade e ocupación entre as mulleres; maiores taxas de desemprego; escasa proporción de mulleres nos postos de maiores salarios e maior presenza en sectores de inferior nivel salarial. Ademais as mulleres sofren maior precariedade, teñen máis contratos temporais e a tempo parcial. Se non se abordan e atallan estas graves situacións de **desigualdade no ámbito laboral**, dificilmente se vai eliminar a fenda de xénero nas pensións.

As mulleres teñen, en xeral, **menos tempo cotizado**. Xa foron as máis prexudicadas polas reformas de 2011 e 2013 porque o aumento da idade de xubilación de 65 a 67 anos e a ampliación do período de cálculo de 15 a 25 anos **dificulta o acceso á pensión e reduce a súa contía**. Pasar de 25 a 29 anos, mesmo excluindo os 2 peores, aínda a reducirá máis.

Nas **excedencias e reducións de xornada** por coidados as mulleres seguen prexudicadas, xa que son elas sobre todo quen usan estas medidas de conciliación. Se non se cotiza toda a duración, séguese aprofundando na **desigualdade** que sofren as mulleres **á hora de acceder á pensión**.

Ademais, moitas mulleres, aínda non tendo crianzas deixaron a súa vida laboral para exercer coidados de familiares a cargo ou quedaron na casa asumindo labores do fogar pola presión desta sociedade machista. Estas están abocadas a **pensións de miseria**.

- ✗ Establécese unha fórmula confusa no referido a **pensións mínimas e cobertura de lagoas de cotización**. A Carta Social Europea establece que tanto o SMI como a pensión mínima debe ser dun 60% do salario medio. Con esta reforma poderán superar o limiar da pobreza.
- ✗ Contémplase unha cotización ao **alumnado en prácticas formativas** –tanto de universidade como de FP- que non garante toda a cobertura que o sistema público debera garantir a unha persoa traballadora. Este colectivo sofre especialmente o abuso laboral e as prácticas son, nos máis dos casos, **relacións laborais encubertas**.
- ➔ O máis grave é que esta nova reforma das pensións de PSOE e UP dálle poder a AIREF, organismo sen control democrático ningún creado por exixencias da troika para o rescate bancario, que cada 3 anos controlará que haxa un equilibrio entre ingresos e gastos e poderá executar calquera recorte de se produciren unha caída nos ingresos, sen mediar parlamento algún.
- ➔ Tamén é deplorable o comportamento de CCOO e UGT da man do goberno para acometer esta nova reforma cando en Francia a reforma das pensións axuntou a todo o movemento sindical e toda a esquerda política. Por que renuncian a mobilizarse en defensa do sistema público?

Mobilízate en defensa do teu futuro!

Se queres coñecer máis, escanea o código QR



Evolución e ampliación dos recortes nas reformas das pensións

	Antes de 2011	Reforma 2011	Reforma 2013	Reforma 2021	Reforma 2023
Idade de Xubilación	65 anos	67 anos	67 anos	67 anos	67 anos
Período de cálculo da pensión	15 anos	25 anos	25 anos	25 anos	aumenta a 29 anos (-2) a partir de 2027
Mínimo tempo cotizado para cobrar o 100% da pensión	35 anos	38a 6m para xubilarse aos 65 37a para xubilarse aos 67	38a 6m para xubilarse aos 65 37a para xubilarse aos 67	38a 6m para xubilarse aos 65 37a para xubilarse aos 67	38a 6m para xubilarse aos 65 37a para xubilarse aos 67
Xubilación anticipada e parcial	Idade mínima de xubilación: 61 anos	Auméntase a idade mínima para xubilarse aos 63 anos (con 33 cotizados) Endurécese o acceso á xubilación parcial	Mantense a idade mínima nos 63 anos con 33 cotizados	Penalízase máis a xubilación anticipada e o acceso aos coeficientes reductores para profesións especialmente penosas	Mantéñense as penalizacións á xubilación anticipada
Revisión da contía - poder adquisitivo			Estabelece o índice de revalorización anual do 0,25%, elimina a actualización co ao IPC	Sitúa a revalorización no IPC medio, en lugar do IPC interanual acumulado	Mantén a revisión co IPC medio, consolidando a perda de poder adquisitivo das pensións
Mecanismo para "compensar" o aumento de gasto		Estabelece o Factor de Sustentabilidade, que liga as futuras pensións á esperanza de vida	Mantén e concreta o Factor de Sustentabilidade	Estabelece o Mecanismo de Equidade Interxeracional (MEI), aumentando as cotizacións sen repercusión na contía da pensión futura	Duplica a cotización do MEI, que chega ao 1,2%, diminuindo así aínda máis os salarios

NON AMPLÍAN DEREITOS,
SI AMPLÍAN RECORTES

